CONCELLO
DE MELIDE

EXAME PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE ORDENANZA-CONSERXE, PERSOAL CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL

Nome e Apelidos:
DNI:
Data e sinatura

1. Segundo o artigo 1.1 da Constitución española, cal destes non é un valor superior do seu ordeamento xurídico?
   a) A xustiza e a igualdade.
   b) A solidariedade interterritorial.
   c) O pluralismo político e a liberdade.

2. A estrutura da Constitución española de 1978 consta, entre outros, de:
   a) 169 artigos, 4 disposicións adicionais e 9 disposicións transitorias.
   b) 159 artigos, un título preliminar e 10 títulos numerados.
   c) 169 artigos, 9 títulos numerados e 1 disposición derrogatoria.

3. O principio de "autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses" na Constitución recoñécese a:
   a) Municipios, provincias e comunidades autónomas.
   b) Exclusivamente as comunidades autónomas e as deputacións.
   c) Municipios e Estado, pero non necesariamente as provincias.

4. O Concello está integrado por:
   a) O alcalde e os concelleiros/as
   b) O alcalde, os tenentes de alcalde e o Pleno.
   c) O alcalde e o Pleno.

5. No Rexistro de entrada de documentos, que sucede se se presenta un documento fóra do horario de oficina no rexistro electrónico?
   a) O rexistro electrónico non pode recibir documentos fóra de horario de oficina.
   b) A entrada computarase como realizada na primeira hora do día hábil seguinte.

c) Considérase presentado no momento da transmisión, pero os prazos computan dende o día seguinte.

6. Os bens das entidades locais que están destinados a un uso público, como as prazas ou rúas, denomínanse:
   a) Bens de propios.
   b) Bens de dominio público.
   c) Bens patrimoniais ou privados da Administración.

7. Cal das seguintes é considerada unha "taxa" no ámbito das facendas locais?
   a) O pago por unha licenza de obras que solicita o cidadán/á.
   b) O imposto que grava a propiedade dun vehículo de tracción mecánica.
   c) A contribución que pagan os veciños por unha obra de iluminación que aumenta o valor da súa casa.

8. O principio de "presenza equilibrada" na Lei 3/2007 refírese a que ningún sexo supere o:
   a) 50% nin sexa inferior ao 25%.
   b) 60% nin sexa inferior ao 40%.
   c) 70% nin sexa inferior ao 30%.

9. Un subalterno que, por razón do seu traballo, coñece os datos de contacto dun solicitante dunha axuda:
   a) Ten deber de segredo, que persiste incluso despois de finalizar a súa relación laboral.
   b) Pode facilitar os datos a un veciño se este demostra un interese lexítimo verbalmente.
   c) Só ten obrigación de reserva mentres estea en horario de traballo.

10. Se un cidadán solicita falar co Alcalde sen cita previa, a actuación correcta do ordenanza é:
    a) Impedirlle o paso de xeito taxativo.
    b) Informalo do procedemento de solicitude de cita e, se é posible, consultalo co gabinete de alcaldía.
    c) Deixalo pasar ata a porta do despacho e que o cidadán chame directamente.

11. A tarefa de "franquear" correspondencia consiste en:
    a) Abrir os sobres para comprobar o seu contido.
    b) Clasificar as cartas por departamentos antes de entregalas.
    c) Estampar os selos ou marcas que acreditan o pago do transporte pola empresa de correos.

12. No peche dun edificio público, se o conserxe observa que un despacho ten a luz acendida pero está pechado con chave, que debe facer?
    a) Entrar forzando a pechadura se ten sospeitas de que hai alguén dentro.
    b) Abrir coa súa chave mestre, apagar a luz, pechar de novo e anotar a incidencia.
    c) Deixar a luz acendida para non invadir a privacidade do despacho do funcionario.

13. Se o primeiro intento dunha notificación administrativa foi ás 10:00 da mañá dun martes, o segundo intento debe ser:
    a) Ás 11:00 do mesmo martes.
    b) En calquera hora do mércores seguinte.
    c) Nunha hora distinta (polo menos 3h de marxe) dentro dos 3 días seguintes.

14. Que servizo de Correos permite acreditar o contido dun envío e non só a súa recepción?
    a) O correo certificado con acuse de recibo.
    b) O burofax con certificación de texto.
    c) O paquete azul con seguro.

15. Entre as obrigas dos traballadores recollidas na Lei de Prevención de Riscos Laborais, non figura:
    a) Realizar un bo uso dos dispositivos das máquinas, instalación e lugares de traballo.
    b) Informar das situacións que teñan perigo para a produción.
    c) Velar pola seguridade de todos/as e pola súa propia

16. Para o levantamento de cargas pesadas dende o chan, a postura máis segura é:
    a) Dobrar as costas mantendo as pernas estiradas.

b) Flexionar os xeonllos coas costas rectas e manter a carga pegada ao corpo.
c) Levantar o peso de xeito rápido e explosivo para reducir a tensión.

17. No almacenamento de material, os produtos máis pesados ou de uso máis frecuente deben colocarse:
a) Nas baldas máis altas para que non estorben.
b) Ao nivel do chan para evitar que caian.
c) A unha altura intermedia, entre o nivel da cintura e os ombros.

18. O proceso de "alceado" nunha multicopista consiste en:
a) Ordenar as follas dun documento de varias páxinas para formar xogos completos.
b) Grampar automaticamente as follas na esquina superior esquerda.
c) Ampliar o tamaño da imaxe orixinal para que ocupe toda a folla.

19. Segundo a Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, cal é o dereito principal do traballador en prevención?
a) Dereito a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde.
b) Dereito a elixir o seu propio equipo de protección individual (EPI).
c) Dereito a abandonar o posto por calquera incomodidade ambiental.

20. Un "Plan de Autoprotección" diferénciase dun "Plan de Emerxencia" en que:
a) Son exactamente o mesmo termo baixo distintas leis.
b) O de Autoprotección é o marco organizativo; o de Emerxencia é a resposta operativa.
c) O Plan de Emerxencia só se aplica en caso de atentado.

21. De que nos fala o artigo 6 da Lei 3/2007 do 22 de marzo, para igualdade efectiva entre mulleres e homes:
a) Discriminación directa e indirecta por razón de sexo.
b) Acoso sexual e acoso por razón de sexo.
c) Do principio de igualdade entre homes e mulleres.

22. Na manipulación de cargas para unha protección axeitada, canta é a carga máxima aconsellada para unha muller?
a) 40 kilos.
b) 20 kilos.

c) 15 kilos.

23. Cantos artigos ten o Estatuto de Autonomía de Galicia?

a) 47
b) 57
c) 67

24. Quén está suxeito á Constitución e ao resto do ordeamento xurídico segundo o artigo 9?.
a) Os españois e os poderes públicos.
b) Os cidadáns e os poderes públicos.
c) Ningunha resposta é correcta.

25. Qué instrumento se utiliza para medir a diferenza de potencial ou voltaxe?.
a) Amperímetro.
b) Voltímetro.
c) Ohmímetro.

26. Qué elemento se instala nas tubaxes para permitir ou interromper o paso de auga de maneira manual?.
a) Un sifón.
b) Un purgador.
c) Unha chave de paso ou válvula.

27. No mantemento dun colexio, como se chama tecnicamente ao conxunto de portas, ventás e cerramentos de madeira que requiren revisión periódica?.
a) Carpintería de armar.
b) Ebanistería fina.
c) Carpintería de taller.

28. Qué extintor é o máis adecuado para un lume nun cadro eléctrico?
a) Extintor de auga a chorro.
b) Extintor de po químico seco.
c) Extintor de CO2 (neve carbónica).

29. No caso de evacuación, o persoal subalterno "guía de fila" debe:

a) Ser o último en saír para revisar que non queda ninguén.
b) Dirixir ao grupo ao punto de encontro sen correr en con calma.
c) Buscar ao responsable de mantemento para darlle as chaves.

30. Unha máquina encadernadora de "espiral" require que o subalterno:
a) Perfore previamente as follas coa matriz correspondente.
b) Use cola térmica para pegar as follas.
c) Introduza as follas soltas directamente nunha funda.

31. Se observa un fío eléctrico pelado nun corredor, a primeira medida será:
a) Poñerlle un anaco de cinta illante.
b) Sinalizar a zona e avisar ao servizo técnico.
c) Cortar a luz do edificio inmediatamente.

32. A qué fai referencia o artigo 140 da Constitución Española?
a) Ao Municipio.
b) Á Provincia.
c) Á Comunidade Autónoma.

33. Segundo a Lei Orgánica de Proteción de Datos, que dereitos dixitais se regulan específicamente no Titulo X?.
a) O dereito á supresión de multas administrativas por vía telemática.
b) O dereito á desconexión dixital no ámbito laboral.
c) O dereito á propiedade intelectual de balde en internet.

34. Nun edificio público, as follas de reclamacións, listaxe de visitas, ou cadrantes de quendas que conteñan nomes e sinaturas:
a) Deben gardarse fóra da vista do público para cumprir o principio de confidencialidade.
b) Poden deixarse enriba do mostrador á vista de calquera persoa.
c) Son de libre acceso para calquera visitante que os solicite.

35. As máquinas multicopistas tradicionais funcionaban fundamentalmente mediante:
a) Un sistema láser de alta resolución térmica.
b) Unha conexión directa á rede de fibra óptica municipal.
c) A utilización dun cliché para tiradas grandes de alta velocidade.

36. ¿A través de qué rede se transmite de maneira xeneralizada a información entre dous aparatos de fax tradicionais?

a) Rede Eléctrica de Alta Tensión.
b) Rede Telefónica Conmutada.
c) Rede Local Inalámbrica de Curto Alcance.

37. O órgano competente para a aprobación inicial das Ordenanzas Fiscais nos Concellos, é:
a) O alcalde.
b) A Xunta de Goberno Local.
c) O Pleno da Corporación.

38. En que parte da estrutura da Constitución española se atopan regulados os dereitos e deberes fundamentais?
a) No Título I.
b) No Título Preliminar.
c) No Título X.

39. Cal das seguintes funcións non corresponde exercer ao Parlamento de Galicia segundo o Título I do seu Estatuto de Autonomía?
a) Ratificar tratados internacionais asinados polo Estado español que afecten á rexión.
b) Controlar a acción política da Xunta de Galicia.
c) Aprobar os orzamentos da comunidade autónoma.

40. Que órganos existen obrigatoriamente en todos os municipios españois?
a) Alcalde, Tenentes de Alcalde e Pleno.
b) Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local.
c) Alcalde, Tenentes de Alcalde e Xunta de Goberno Local.

PREGUNTAS RESERVA:

1. Que non debe facer un conserxe ante unha emerxencia declarada no colexio motivada por un incendio?
a) Chamar ao 112.

b) Evacuar os alumnos/as o antes posible por o ascensor de emerxencias.

c) Manter a calma e a orde.

2. Cal destas funcions é propia dun conserxe:

a) Recibir e clasificar os alimentos do comedor escolar.

b) Abertura, peche e control de acceso ás dependencias municipais.

c) Axudar coa limpeza dos máis cativos/as.

3. Cal non exerce o control da actividade dos órganos das comunidades autónomas?

a) Tribunal de contas.

b) Xurisdición contencioso-administrativa.

c) Ministerio Fiscal.

4. Ante unha situación de atragantamento, no caso de obstrución da vía aérea leve, débese:

a) Animará a vítima a seguir tosendo.

c) Realizar a manobra de Heimlich.

d) Tumbar á vítima no chan e iniciar RCP.

CONCELLO DE MELIDE

PLANTILLA RESPOSTAS					
1	B	15	B	29	B
2	A	16	B	30	A
3	A	17	C	31	B
4	A	18	A	32	A
5	B	19	A	33	B
6	B	20	B	34	A
7	A	21	A	35	C
8	B	22	C	36	B
9	A	23	B	37	C
10	B	24	B	38	A
11	C	25	B	39	A
12	B	26	C	40	A
13	C	27	C		
14	B	28	C		
Preguntas reserva					
1	B	2	B		
3	C	4	A		